Xacobeo 21·22

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

# PLAN DE IGUALDADE

Revisado no curso 2021/2022

## CEIP MANUEL RESPINO

# ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN ..... 3

2. NORMATIVA E CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO ..... 6

2.1. MARCO NORMATIVO ..... 6

2.2. CONTEXTO DO CEIP MANUEL RESPINO ..... 8

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA ..... 9

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN ..... 11

4.1 OBXECTIVO XERAL ..... 11

4.2 PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES. ..... 11

4.3 PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLEN- CIA DE XÉNERO. ..... 12

4.4 PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO SE- XUAL. ..... 12

4.5 PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTI- FOBIA. ..... 13

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTES ÁMBITOS: ..... 14

5.1 ORGANIZACIÓN DO CENTRO ..... 14

5.2 ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES... 16

5.3 XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO ..... 16

5.4 INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVI- VENCIA ESCOLAR. ..... 17

6. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN. ..... 17

# 1. INTRODUCCIÓN

Os mestres e mestras, como formadores da futura sociedade, debemos ter en conta que o principio básico para desenvolver unha convivencia de calidade é a igualdade entre o alumnado, sendo esta unha demanda social á que dende a escola debemos dar resposta.

Os formadores da futura sociedade, debemos ter en conta que o principio básico para desenvolver unha convivencia de calidade é a igualdade entre o alumnado; sendo esta unha demanda social á que debemos dar resposta dende a escola.

Educar significa promover o desenvolvemento integral das persoas, polo que resulta necesario favorecer ese valor entre o noso alumnado para superar as limitacións impostas polo xénero a través dun traballo sistemático na comunidade educativa.

Dende a familia e na escola proporciónanse modelos de conducta e impóñense comportamentos que os medios de comunicación e o grupo de iguais lles reforzan.

Por isto, o proceso de coeducación comeza na familia e a escola, sendo os primeiros espazos de socialización dende os cales se compensan os desaxustes de orixe diverso, como aqueles que proveñen de prexuízos sexistas que poden incidir no desenvolvemento dos nenos e nenas nos seus primeiros anos.

Dende a escola han de identificarse as diferenzas entre mulleres e homes, non só fisicamente, senón tamén nos diversos ámbitos da sociedade, desenvolvendo unha reflexión e crítica sobre aqueles aspectos que xeran discriminación entre as persoas polo simple feito de ser de distinto sexo, aproveitando tales diferenzas para enriquecer e completar o desenvolvemento do alumnado.

María Zambrano dicía que:

*"Educar é preparar para a liberdade, preparar a cada neno e a cada nena para que sexa quen desexa ser. Polo tanto, a liberdade, baseada no respecto e a igualdade entre as persoas é fun-*

*damental para que unha sociedade medre e se desenvolva de forma adecuada."*

A inclusión da coeducación no sistema educativo, en xeral, e no currículo da educación infantil e primaria, en particular, apóiase en argumentos legais e razóns de tipo social.

Seguindo o *I Plan de actuación para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020* e de acordo coa *Instrución do 6 de setembro de 2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019-2020*, a comunidade educativa debe impulsar un modelo de escola coeducativo que estableza medidas concretas de actuación que ofrezan pautas de promoción da igualdade, da coeducación e da prevención da violencia de xénero na escola.

Con esta finalidade nace o plan de igualdade, instrumento necesario para establecer medidas e actuacións concretas que incorporen a perspectiva de xénero a todas as actuacións do centro: plans, materiais, currículo, actividades, etc.

O Proxecto Educativo (PE) do CEIP Manuel Respino avoga por un ensino coeducativo, no cal a escola debe apostar pola igualdade de sexos, valorando positivamente o enriquecemento da complementariedade. Este PE inclúe o Plan de Convivencia, elaborado segundo o Decreto 8/2015, sendo no seo do Consello Escolar onde se constitúe a Comisión de Convivencia (artigo 6.2 do Decreto 8/2015) e <u>tendo nomeada unha persoa responsable en materia de igualdade</u>.

Entre as medidas ou programas que promovan a mellora da convivencia, fomenten o diálogo, a corresponsabilidade e a cultura da paz, o PE inclúe actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na NON discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social:

- Carteis informativos, dípticos ás familias, etc.
- Charlas informativas ás familias e alumnado.
- Actividades do alumnado que desenvolvan a igualdade, o respecto aos outros, a au-

toestima, o control emocional, traballo cooperativo, dinámica de grupos…etc indicadas nas PAT e na PXA e PA de nivel, atendendo ao desenvolvemento das competencias social e cidadá e para iniciativa e autonomía persoal.

A través dos plans de centro concrétanse obxectivos coeducativos e estes difúndense entre os membros da comunidade educativa a través dos órganos colexiados e estando dispoñibles para todos os membros da comunidade educativa.

A intervención global no marco educativo virá marcada polos seguintes principios de actuación:

1. ***Valores democráticos***

Os valores democráticos promoven a nosa convivencia como sociedade. Son características e calidades que dirixen a nosa sociedade para lograr que o proceso democrático se consolide e sexa exitoso. Dentro destes atopamos: honestidade, solidariedade, responsabilidade, pluralismo, liberdade, xustiza social, tolerancia, igualdade, respecto, ben común, legalidade, xustiza e participación.

2. ***Transversalidade***

Os principios de igualdade entre homes e mulleres deben estar presentes no conxunto de accións políticas, sociais e educativas emprendidas pola Administración e os centros educativos. Este enfoque transversal supón a inclusión da perspectiva de xénero na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as actuacións que afecten, directa ou indirectamente, á comunidade educativa. Por iso, as actuacións e medidas impulsadas pola Administración educativa buscan ser exemplares.

3. ***Inclusión***

As medidas e actuacións diríxense ao conxunto da comunidade, xa que educar en igualdade entre homes e mulleres require unha intervención mutua para corrixir así os desaxustes producidos polos cambios desiguais nos papeis tradicionais, conciliar intereses e crear relación de xénero máis igualitarias.

4. ***Igualdade de oportunidades***

A igualdade de oportunidades é unha idea de xustiza social que propugna que un sistema é socialmente digno e xusto cando todas as persoas teñen as mesmas posibilidades de acceder ao benestar social e posúen os mesmos dereitos políticos.

5. ***Visibilidade***

A igualdade debe estar presente nos diferentes ámbitos da escola a través da linguaxe escrita e oral nos distintos soportes de información utilizados.

Identificar e facer visibles as diferenzas entre nenas e nenos e a posible desigualdade de trato como consecuencia destas diferenzas, para facilitar o seu recoñecemento e evitar discriminacións.

Ademais cremos na importancia de dar a coñecer as contribucións das mulleres ao longo da historia, pois son elas as grandes esquecidas, en campos como: a ciencia, a política, as artes e movementos sociais... así como a gran contribución social destas, que son as encargadas historicamente do traballo de coidados e reprodutivos tan necesario para a supervivencia dos seres humanos; a súa contribución ao desenvolvemento das sociedades, valorando o traballo que tradicionalmente realizaron.

# 2. NORMATIVA E CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

## *2.1. MARCO NORMATIVO*

O desexo de construción dunha sociedade que medre na igualdade, non nace unicamente da vontade das autoridades públicas senón que se asenta nun marco normativo.

- Constitución Española de 1978. Artigo 14, co que se recoñece formalmente a igualdade ante a lei por razón de sexo, e artigo 9.2. que asevera a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva.
- Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Declaración dos dereitos da infancia e Convención sobre os dereitos da infancia.
- Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. Artigo 4.2

na defensa da igualdade.

- Resolucións aprobadas pola Unión Europea sobre igualdade de xénero.
- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Artigos 23 e 24
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Preámbulo, artigos 1 e 2.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.
- Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposición legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: artigos 17, 18, 22, 23, 24, 25 e 26.
- I Plan de actuación para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019-2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Do mesmo xeito nos seguintes documentos de centro recóllense os seguintes obxectivos específicos:

<u>PLAN DE CONVIVENCIA</u>

- Aprender desde a infancia a apreciar a diferenza de sexo, raza, cultura persoal e

respectala e valorala como enriquecedora.

- Favorecer o respecto e tolerancia ante as diferenzas individuais que son debidas a idade, diferenzas físicas, diferenzas psíquicas…
- Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e o fomento da igualdade de xénero.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

- Desenvolver unha educación personalizada, favorecendo o desenvolvemento de todos os eidos do alumnado tendo en conta actitudes e intereses diferenciados.
- Favorecer os procesos de madurez persoal desenvolvendo unha identidade positiva.
- Traballar na creación dun sistema de valores respectuoso cos outros/as.
- Desenvolver unha relación axeitada entre os distintos integrantes da comunidade escolar.
- Prever e anticiparse a conductas problemáticas que poidan xurdir, educando en habilidades sociais e ensinando a convivir de forma pacífica e satisfactoria.

## *2.2. CONTEXTO DO CEIP MANUEL RESPINO*

<table>
<tr><td colspan="4">CEIP MANUEL RESPINO</td><td colspan="2">CÓDIGO DO CENTRO: 32011755</td></tr>
<tr><td colspan="4">Enderezo</td><td colspan="2">C.P.</td></tr>
<tr><td colspan="4">AVDA VILELA, 34</td><td colspan="2">32350</td></tr>
<tr><td colspan="2">Localidade</td><td colspan="2">Concello</td><td colspan="2">Provincia</td></tr>
<tr><td colspan="2">A RÚA</td><td colspan="2">A RÚA</td><td colspan="2">OURENSE</td></tr>
<tr><td>Tfno.</td><td>Fax</td><td colspan="4">Correo electrónico</td></tr>
<tr><td>988 310631</td><td></td><td colspan="4">ceip.manuel.respino@edu.xunta.es</td></tr>
<tr><td>Páxina web</td><td colspan="5">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelrespino/</td></tr>
</table>

O **CEIP Manuel Respino** trátase dun CEIP (Colexio de Educación Infantil e

Primaria), polo que en canto á organización interna dos recursos humanos do centro educativo, pon atención nunha axeitada coordinación dos distintos órganos de goberno e coordinación docente, seguindo o establecido no **Decreto 374/1996**, de 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria, e a **Orde de 22 de xullo de 1997**, que o desenvolve.

Conta con **xornada única**, que se rexe pola **Orde do 29 de maio de 2008,** con horario de 9:30h a 14:30h nos meses de setembro e xuño e de 09:15h a 14:15h o resto do ano e ata as 15:30h os usuarios de comedor, que concretaremos máis adiante.

En canto ás **instalacións**, reguladas polo **Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro,** destacar o ximnasio, a biblioteca, unha sala de informática, un salón de actos e un amplo comedor.

Está composto por dous edificios un para infantil e outro para primaria. Tamén dispón dun amplo patio de recreo e un espazo dedicado a unha pequena horta.

Atópase nunha zona tranquila da localidade de A Rúa, na comarca de Valdeorras, a menos de 1 km do núcleo de A Rúa. Está situada o nordeste da provincia de Ourense. O río Sil suca a comarca e fai unha parada no encoro de San Martiño. O Municipio ten menos de 5000 habitantes.

O Centro agrupa alumnos/as dos concellos de Petín, Larouco e A Rúa, o que obriga ao uso do transporte escolar e ao servizo de comedor.

## 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA

No noso centro observamos unha boa predisposición e alta sensibilización en relación ás actitudes e valores referentes á igualdade e á aceptación da diversidade, así como cara

ao rexeitamento da violencia de xénero.

Pese a isto, no día a día persisten actitudes e comportamentos, na comunidade educativa en xeral, que denotan que, en gran medida, continuamos sendo educados nos roles de xénero tradicionais, subsistindo deste xeito condutas sexistas.

Precisamente é neste eido onde se aprecian maiores dificultades, sendo unha realidade que na nosa sociedade seguen presentes certos estereotipos relacionados cos roles de xénero.

Tampouco se considera que existan casos de violencia no centro, máis aló de sucesos de carácter ocasional e excepcionais, que en ningún caso están vencellados á diferenza de sexo. Por outra banda tampouco se aprecia rexeitamento cara ao colectivo LGTBI, amosándose a maioría tolerante e respectuosa.

Debido á importancia deste tema é preciso sensibilizar á comunidade educativa acerca da importancia de traballar a igualdade co fin de acadar unha convivencia pacífica. Para isto é fundamental concienciar e educar ao alumnado dende a igualdade para previr así condutas que impliquen desigualdade, comportamentos xenófobos e racistas, así como violentas que se poidan dar.

Por todo isto dende o CEIP Manuel Respino traballaremos a través da coeducación, entendendo esta como un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre sexos afastada da opresión mutua e que implique unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Para todo isto e importante transmitir unha serie de valores como: a tolerancia, o respecto, a igualdade, a xustiza, a cooperación…

Dispóñense dalgúns recursos relacionados coa materia de coeducación e violencia de xénero a través da biblioteca do centro, aínda que é preciso seguir incrementando nesta liña e tamén ir adquirindo materiais enfocados a identidade e orientación sexual.

O centro participa en actividades como O Plan Director, en actividades propostas polo Concello, Deputación, a Cruz Vermella…

Con todo, este plan trata de aplicar medidas e promover actuacións, non só para corrixir

as condutas ou ideas preconcibidas inadecuadas, se non tamén para previr, educar e concienciar a toda a comunidade educativa para a igualdade efectiva en todos os ámbitos da vida con independencia do xénero e/ou a orientación sexual.

# 4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN

## *4.1 OBXECTIVO XERAL*

Desenvolver prácticas educativas que identifiquen os estereotipos sexistas existentes en diferentes ámbitos da comunidade escolar e da sociedade e que promovan a súa eliminación, de xeito que favorezan nos nenos e nas nenas un desenvolvemento persoal satisfactorio e unha convivencia pacífica e igualitaria con valores encamiñados á igualdade de oportunidades entre ambos sexos e que se traslade ao resto da sociedade.

## *4.2 PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.*

- Promover o recoñecemento efectivo da igualdade entre homes e mulleres. Desenvolver valores persoais e sociais que promovan esta igualdade, así como unha boa formación académica que permita gozar dunha verdadeira igualdade de oportunidades na vida profesional.
- Integrar o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na nosa práctica docente a través da realización de actividades e promover no alumnado a formación de equipos de carácter mixto.
- Fomentar a autonomía persoal do alumnado, tanto na casa como no entorno escolar, de xeito que sexan capaces de realizar tarefas cotiás, evitando desigualdades.

- Potenciar a colaboración familia-escola na educación para a igualdade de nenos e nenas.
- Fomentar actividades formativas específicas sobre obxectivos coeducativos, establecendo vías de colaboración con persoas e institución que promovan a igualdade de oportunidades.
- Educar en igualdade aloxándonos de estereotipos, prexuízos e discriminación por razón de sexo.
- Potenciar o uso dunha linguaxe inclusiva tanto nas aulas como en todos os espazos do centro.
- Fomentar o uso de materiais didácticos que non presenten linguaxe, contido e/ou imaxes sexistas propoñendo alternativas cando se detecten elementos deste tipo.
- Priorizar dentro dos Plan de Formación temas relacionados coa igualdade.
- Facilitar a utilización igualitaria de espazos no recreo para nenos e nenas.
- Potenciar os xogos cooperativos e os xoguetes non sexistas.

## *4.3 PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.*

- Fomentar formas de estar e convivir baseadas no respecto, o diálogo e o coidado.
- Traballar na prevención de situacións de violencia.
- Favorecer a resolución de conflitos derivados das diferenzas de xénero, desenvolvendo a capacidade de diálogo.
- Actuar nas distintas situación de acoso e violencia de xénero.
- Sensibilizar á comunidade educativa en materia de violencia de xénero para coñecer as características e dimensións desta problemática.
- Fomentar o respecto entre o alumnado e o profesorado, independentemente do seu sexo.

## *4.4 PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO SEXUAL.*

- Educar en igualdade apartándonos de estereotipos, prexuízos e discriminacións por

razón de orientación sexual.

- Facer consciente dos estereotipos de xénero ao alumnado e comunidade educativa (linguaxe sexista, trato condicionado ao sexo, posibles actitudes sexistas en participación na aula…).
- Desenvolver estratexias organizativas e curriculares necesarias para conseguir un currículo non sexista.
- Coidar que o trato profesorado/alumnado non estea condicionado ao sexo da persoa.
- Prestar atención ás posibles actitudes sexistas que poidan aparecer nas participación na aula.

## *4.5 PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTI- FOBIA.*

- Educar dende a diversidade para unha relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.
- Promover o libre desenvolvemento da personalidade de cada persoa, fomentando no centro o respecto da diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero, ao mesmo tempo que se traballan e celebran todas as diversidades.
- Incorporar unha concepción de familia ampla e diversa, en consonancia coa rica diversidade de estruturas familiares presentes no centro.
- Valorar positivamente e animar as expresión de afecto e amor entre as persoas, sexa cal sexa o seu sexo.
- Sinalar con asertividade as actitudes sexistas e homófobas e mostrar as consecuencias que teñen nas persoas e na sociedade.
- Crear un clima favorable para que calquera persoa poida falar libremente das súas opción sexuais e da súa identidade de xénero como o farías ti.
- Poñer en marcha e apoiar iniciativas polo respecto á diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero.

- Previr actitudes e comportamentos LGTBI-Fóbicos que impliquen prexuízos e discriminación por razón de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.
- Favorecer as celebracións do día do Orgullo LGBT, Día Internacional contra a Homofobia e a Transfobia, da loita contra o VIH-SIDA, Semana da Diversidade Sexual e de Identidade de Xénero.
- Ofrecer na biblioteca do centro materiais relativos á diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero.
- Dotar de ferramentas para abordar o acoso escolar por homofobia e transfobia entre o alumnado de forma integral.

# 5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTES ÁMBITOS:

## *5.1 ORGANIZACIÓN DO CENTRO*

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de Igualdade.
- Incluír un apartado para as accións e a información relativa a igualdade na web do noso centro.
- Potenciar o uso dunha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
- Detección de situacións de desigualdade na comunidade educativa.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade educativa.

- Fomentar unha representación equitativa nos órganos de decisión do centro.
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Promover a participación do centro no Plan Director.
- Promover a participación nos contratos-programa, concretamente no de Iguala-T.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas: Concello, Deputación, asociacións…
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebración LGBTI etc.).
- Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Promover o desenvolvemento da orientación laboral e profesional libre de estereotipos.
- Ofertar materiais específicos de igualdade de Xénero.
- Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación dende todos os eidos do currículo.
- Realización de actividades específicas nos seguintes días:
  - √ 20 de novembro: Día Internacional da Infancia.
  - √ 25 de novembro: Día Internacional para a Eliminación da Violencia de xénero.
  - √ Decembro: Campaña de xoguetes non sexistas e non violentos.
  - √ 30 de xaneiro: Día da Paz e a NON Violencia.
  - √ 11 de febreiro: Día Internacional das mulleres e as nenas na ciencia.
  - √ 8 de marzo: Día Internacional da Muller, Campaña de conciliación de vida familiar e laboral.
  - √ 23 de abril: Día do Libro. Contos e literatura coeducativa.
  - √ 15 de maio: Día Internacional das Familias.
  - √ 28 de maio: Día da saúde das mulleres.
- Realización de actividades durante todo o curso que serán detalladas para os distintos niveis coa colaboración de todo o profesorado, algúns exemplos:
  - √ Murais sobre mulleres importantes na historia nos diferentes ámbitos da so-

ciedade.

- √ Colaboración do alumnado de maior idade co de menor para fomentar o coidado aos que o necesitan, a colaboración e o sentido da responsabilidade.
- √ Visionado de películas e lecturas relativas ao tema. Todos os niveis.

## *5.2 ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES*

- Revisar as programación didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero, para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, ás desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade…
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representación, selección dos contados, das personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Realizar actividades de sensibilización na aula, estas poden estar vinculadas as normas de cada titoría e dentro dos propios contidos transversais relacionados co respecto aos compañeiros e compañeiras, facendo fincapé na importancia da igualdade entre homes e mulleres.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.
- Aproveitar, sempre que sexa posible, as actividades curriculares para reflexionar sobre os estereotipos na sociedade.
- Fomentar no día a día da práctica docente a inclusión e a diversidade, como pode ser á hora de facer grupos de traballo.

## *5.3 XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO*

- Poñer en marcha un "taboleiro de coeducación".
- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.

- Xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade.
- Ofrecer modelos de figuras representativas do xénero feminino nos ámbitos científico e tecnolóxico.
- Velar por parte do profesorado que non se dean comportamentos de abuso, burlas, acoso ou calquera conduta impropia nos corredores, nas aulas e nos recreos.

### *5.4 INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVI- VENCIA ESCOLAR.*

- Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente, etc., colaborando por exemplo o alumnado de maior idade co de menor.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero, incidindo na necesidade de respectar as diferentes características de todas as persoas xa sexan por razón de raza, xénero, capacidades, diversidade sexual, etc.
- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

## 6. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.

Este plan é un documento dinámico que se irá adaptando á realidade do centro e ás circunstancias do curso escolar, realizarase unha avaliación continua do cumprimento dos obxectivos do plan, co fin de poder axustar e engadir novas actuacións ou retirar

algunha que non poida levarse a cabo.

A avaliación do plan polo tanto terá en conta os seguintes criterios:

- Grao de implantación e consecución dos obxectivos.
- Actuacións levadas a cabo e grao de participación da comunidade educativa.
- Participación e implicación do alumnado.
- Participación e implicación do profesorado.
- A revisión das actividades realizadas e o seu nivel de implicación por parte do alumnado, pais, nais e profesorado.
- Idoneidade das actuacións programadas e dos recursos previstos para acadar os obxectivos.
- Os cambios de actitude dos nenos e nenas do noso centro: formación de grupos mixtos de xeito espontáneo, colaboración por igual…
- Valoración da dinámica dos grupos en relación a se estivo libre de sesgos sexistas.
- Valoración do uso de recursos didácticos e dunha linguaxe integradora con ambos sexos e libre de prexuízos.
- Conclusións e propostas de mellora.

Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os seguintes cursos que se incluirán na memoria final do centro.

En A Rúa, 26 de outubro de 2020

Equipo directivo

| | | |
|---|---|---|
| **A directora** | **O xefe de estudos** | **A secretaria** |
| **Asdo: María de los Ángeles Guitián Sarria** | **Asdo: Vicente Rodríguez Díaz** | **Asdo: Erminda Domínguez Hervella** |